

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 16 DE FEBREIRO DE 2024

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez
Dona Marta Fernández-Tapias Núñez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don José Carlos López Campos
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Carlos Gómez Prado
Dona Ana Laura Iglesias González
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Don Gregorio Luis Agís Gómez na vacante
por renuncia de **Don Carlos López Font**
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as dez horas e quince minutos do día 16 de febreiro de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE XANEIRO DE 2024 (Expediente 2023075712)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 19 de xaneiro de 2024.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGD 2024 (Expediente 2023072117)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento dirixidas a ONGD 2024, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2024001037 de 5 de febreiro de 2024.*
- *Publicación no BOPPO de 16 de febreiro de 2024.*
- *As bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, en diante ONGD, para o ano 2024.*
- *A finalidade destas bases serán as actividades e os proxectos concretos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos que contribúan a levar a cabo proxectos sociais, aliñados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).*
- *Poderán beneficiarse destas subvencións as ONGD que cumpran os seguintes requisitos:*
 - *Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, na Sección "A", polo menos un ano antes do día de publicación desta convocatoria.*
 - *Ter domicilio social ou delegación permanente na provincia de Pontevedra. Para estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario, e local fixo para a realización de actividades.*
 - *Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.*
 - *Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre pobos, a cooperación social ou calquera outra actividade de natureza similar.*
 - *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
 - *Estar ao día das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

- *Os proxectos presentados polas ONGD deben vincularse coas prioridades transversais nomeadas no V Plan director da cooperación galega, de acordo coas súas posibilidades e dimensións:*
 - *A erradicación da pobreza multidimensional*



- *A igualdade de xénero*
 - *A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático*
 - *O enfoque baseado en dereitos humanos*
 - *O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade*
 - *A equidade e a loita contra as desigualdades*
 - *A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil*
- *Terán prioridade nesta convocatoria aqueles proxectos desenvolvidos nalgún dos once países considerados xeograficamente estratéxicos; serán áreas xeográficas prioritarias aquelas contidas no V Plan director da cooperación galega 2023-2026:*
- *África subsahariana: Cabo Verde, Guinea-Bissau e Mozambique*
 - *América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador*
 - *América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú*
 - *Caribe: República Dominicana*

Así mesmo, terán esta consideración aqueles países nos que a cooperación galega xerese capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e os países afectados por conflitos ou crises humanitarias, coma a poboación saharauí, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención; aqueles nos que a cooperación galega demostrase unha ampla experiencia de traballo, coma a India ou os países lusófonos; e os considerados países menos adiantados (PMA) ou cun índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo.

- *Subvencionaranse tres proxectos cuxo obxectivo principal sexa a formación, capacitación, fortalecemento das entidades, a prestación de servizos para cubrir necesidades básicas, etc.*
- *O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*
- *A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a corenta e cinco mil (45.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.*
- *Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder os quince mil (15.000,00) euros. Subvencionaranse os tres proxectos que obteñan a mellor puntuación.*



- Nos últimos dous anos destináronse preto de **90.000,00 euros** a proxectos que procuraron mellorar as condicións de vida e o desenvolvemento sostible da poboación de Honduras, Bolivia, Mozambique e O Salvador, entre outros:
 - **ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA**, recibiu nestes últimos anos **30.000,00 euros** para a mellora do exercicio dos dereitos das mulleres rurais en **Honduras** que se levou a cabo en dúas fases.
 - **FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIDAD**, recibiu **10.118,36 euros** para un proxecto de fortalecemento do empoderamento das mulleres indíxenas en **Bolivia**.
 - **SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA**, recibiu **30.000,00 euros** para un proxecto de promoción de medios de vida para as mulleres, no **Salvador**.
 - **AZADAVERDE**, recibiu **15.000,00 euros** para un proxecto de fortalecemento dos sistemas alimentarios locais sostibles nas comunidades rurais de **Mozambique**

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2024 (EXPEDIENTE 2023072106)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión de 9 de febreiro de 2024.
- Publicación prevista no BOPPO de 15 de febreiro de 2024.
- As bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para o ano 2024.
- A finalidade serán as actividades e os proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2024 dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopan en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.



- *Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:*
 - *Ter a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra*
 - *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. No caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria*
 - *Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos*
 - *Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra*
 - *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas*

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

- *Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a proxectos, programas e /ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos Sociais, e en xeral as que persigan un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.*
- *O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*
- *A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a 470.000,00 euros.*
- *A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder os sete mil (7.000,00) euros.*
- *No exercicio 2023, rexistráronse un total de 124 solicitudes da provincia de Pontevedra, das cales 114 foron valoradas e beneficiarias de subvención. Existindo un incremento do 8% con respecto ás catro últimas convocatorias”.*



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA "+XUNTAS" (Expediente 2023075714)

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases da convocatoria do Programa "+Xuntas" para o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra convoca para o ano 2024 un novo programa "+Xuntas", que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

O programa será xestionado polo Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, o cal elaborou unhas bases para regular a concesión de axudas que van destinadas a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Resultando que con data do 10 de xaneiro de 2024, Secretaría informa as bases reguladoras do programa "+Xuntas" para o exercicio 2024, entendendo que a posta en marcha desta liña de subvencións no eido da promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento e dos intereses xerais da provincia.

Resultando que con data do 18 de xaneiro de 2024, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, e deixa constancia da existencia na aplicación orzamentaria 24/250.2315.227.07 de crédito dispoñible por importe de 323.907,39 €, para facer fronte ao gasto, existindo un crédito retido mediante documento R.C. núm. 202400008410.

Estas bases envíanse para a súa aprobación na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra a celebrar o día 30 de xaneiro, posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"PROGRAMA "+XUNTAS" 2024

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se determina que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os



obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de prever a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determinanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos a promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a erradicación da violencia de xénero ao promover liñas de subvencións destinadas a realizar actividades e programas relacionados co impulso e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade entre mulleres e homes, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

*Conforme ao anterior e tendo en conta que a formación é un instrumento clave para avanzar cara á igualdade e para que esta sexa real e efectiva, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o **programa "+Xuntas"**. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.*

Co programa "+Xuntas" tamén se pretende concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista, especialmente entre a poboación rural.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do programa "+Xuntas" 2024, a través do cal as entidades interesadas poderán seleccionar unha das accións formativas do catálogo ofertado.



Segunda. Finalidade

O programa "+Xuntas" ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Terceira. Réxime xurídico

O procedemento establecido para a concesión das accións formativas é o de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito. A proposta de concesión formularaa o órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario comparar as solicitudes presentadas.

Se o orzamento asignado para esta convocatoria non fose suficiente para a asignación directa das peticións solicitadas, atenderase aos seguintes criterios automáticos de adxudicación:

- En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes realizadas por entidades de mulleres*
- En segundo lugar, tramitaranse as solicitudes por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Este programa está destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoiem o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As entidades solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos nesta convocatoria tendo en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón e as necesidades para cada acción formativa.

Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias aquelas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Alcance do programa

As entidades interesadas poderán escoller unha soa acción formativa do catálogo ofertado e aceptarán as obrigas que correspondan para cada unha delas; ademais, deberán cumprir o seguinte:

- Contar cunha aula adecuada (de non cumprirse, deberán escoller outro obradoiro)*
- Dispor do material necesario e dun acondicionamento mínimo (ver catálogo)*
- Ter coñecementos mínimos (ver catálogo)*

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón a entidade e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, segundo o recollido no catálogo para cada acción formativa.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para realizar o obradoiro. Este deberá contar cunha aula-obradoiro debidamente acondicionada, con espazo suficiente para desenvolver as actividades



prácticas ou as tarefas manuais, ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario para as e os docentes e para as persoas participantes no obradoiro (mesas e cadeiras).

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento da actividade deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Igualdade da institución provincial para poder solucionarla.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data de inicio, a entidade solicitante deberá enviarlle a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo unha semana antes do día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de NIF e o teléfono de contacto de cada participante, co obxectivo de realizar a actividade.

Sexta. Condicións do programa

As accións formativas deberán estar abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, aínda que as mulleres terán preferencia. En caso de quedar prazas vacantes, poderán participar homes, ata un máximo do 25 % do total das prazas adxudicadas. As persoas participantes deberán ser maiores de idade ou, de maneira excepcional, maiores de 16 anos.

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas entre dúas e tres horas semanais, que se poderán incrementar ata un máximo de cinco de considerarse oportuno polo tipo de actividade que se vai desenvolver. Así mesmo, a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, segundo as necesidades das persoas participantes.

Nos contidos de todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de cinco horas de duración sobre sensibilización na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que se realizará como mínimo en dúas sesións.

Este módulo é obrigatorio, polo que quen non asista non recibirá o diploma. Ademais, penalizaranse aquelas entidades que se neguen a facelo e non poderán participar na vindeira edición do programa.

O número máximo de prazas por cada acción formativa establecerase no catálogo segundo a especialidade e poderá variar de entre vinte a vinte e cinco persoas. Para levar a cabo calquera acción formativa, será necesario reunir un mínimo de doce; de non ser así, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Igualdade do organismo provincial e valorar as opcións existentes antes de anular o curso.

En caso de que se queiran ampliar as prazas debido á elevada demanda, a entidade poderá solicitarllo á Deputación sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executar, coordinar e avaliar o programa.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2024.

Sétima. Presentación de solicitudes e prazo

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).



Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

O prazo de presentación de solicitudes será do 1 de febreiro ao 1 de marzo de 2024.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra*

Se as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

Co obxectivo de comprobar os requisitos previstos na base cuarta, as entidades solicitantes que non sexan especificamente entidades de mulleres deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Estatutos da organización nos que se especifiquen os fins da entidade ou memoria das actividades realizadas en 2023 na que se detallan os traballos realizados no eido da muller e en prol da igualdade. En caso de que algún dos documentos presentados de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.*

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se



trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións electrónicas practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Obrigas das persoas participantes nas accións formativas

As persoas participantes en cada obradoiro deberán aboar a cantidade de **sete (7) euros** e serán responsables de levar os materiais esixidos, en caso de que fose preciso, para realizar a acción formativa escollida (ver catálogo). Esta cantidade non se lles devolverá a non ser que a baixa na acción formativa se produza por causas de forza maior.

O primeiro día a coordinadora ou coordinador da empresa adxudicataria encargarse de recoller o depósito dos cartos das persoas que fixesen a entrega previamente na entidade, así como de requirírllelo a aquelas que por diversos motivos non o realizasen con anterioridade; a todas elas entregaráselles o xustificante correspondente.

Unha vez comece o curso, cada persoa participante decidirá se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe que permite obter fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

Cando remate a acción formativa, entregaráselles un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia. Tamén pode entregarse ao finalizar o programa; neste último caso, realizárase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas.

Para obter o diploma, non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % das xustificadas.

Décimo terceira. Tramitación do procedemento

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Igualdade da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, así como cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.



Décimo cuarta. Resolución da convocatoria

Unha vez instruído o procedemento, o órgano instructor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará a proposta de resolución, que será elevada á deputada delegada de Igualdade para a súa aprobación.

A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Décimo quinta. Financiamento

A contía consignada para o programa "+Xuntas" 2024, que se regula nesta convocatoria, ascende para o ano 2024 a trescentos vinte e tres mil novecentos sete euros con trinta e nove céntimos (323.907,39 €), con cargo á aplicación orzamentaria 24/250.2315.227.07 do Orzamento ordinario da Deputación.

A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa "+Xuntas" 2024, no marco de actividades para mulleres, e inicialmente oferta un total de 207, que poderá incrementarse con base no prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas, o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo sexta. Publicidade

As accións de promoción e os materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto de subvención.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

As entidades interesadas deberán habilitar mecanismos para que as persoas participantes poidan autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar nas diferentes accións formativas, que poderán ser obxecto de publicación por parte das entidades solicitantes ou da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024; este prazo poderá ampliarse para a súa adecuada execución.

Vixésima. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra"

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. ANO 2024 (Expediente 2024000493)

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para o fomento da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero durante o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:



"A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Con data do 16 de xaneiro de 2024 Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024.

Con data do 25 de xaneiro, Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/250.2315.462.01, considerase correcta, e conta con crédito retido para este fin, mediante documento RC nº 202400017336, por importe de 260.000,00 €.

Estas bases foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do día 2 de febreiro e, proximamente serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas do seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024

Nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, recóllese a igualdade como dereito. En ambas as normas sinálase que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Adicionalmente, no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécense como competencias propias das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.



Con estes antecedentes, e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, conseguir a igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política e económica, e loitar contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra impulsadas a través do Servizo de Igualdade.

Para levar a cabo esta liña de acción, a institución provincial considera que é necesaria a colaboración estreita cos concellos, por ser o nivel máis próximo á cidadanía e polo coñecemento que estes teñen da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria. Así mesmo, segundo o establecido no art. 25.2.o da LRBRL, tras a súa nova redacción dada pola disposición final primeira do Real decreto lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é competencia do municipio o desenvolvemento de actuacións para a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Así, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrència competitiva, para os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2024.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2024.

Segunda. Financiamento

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/250.2315.462.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a douscentos sesenta mil (260.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

Terceira. Entidades destinatarias

Poderán concorrer a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, de acordo cos datos de poboación publicados na revisión do padrón municipal o 1 de xaneiro de 2024 polo Instituto Nacional de Estatística (INE).



Para poder acceder ás subvencións as entidades deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para a percepción de subvencións recollidos na lei.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- 1. Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia machista.*
- 2. Proxectos e iniciativas xurdidas dos acordos das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.*
- 3. Proxectos para mellorar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas dependentes ao seu cargo.*
- 4. Programas e actuacións destinadas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*
- 5. Proxectos para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*
- 6. Accións e actividades centradas na elaboración do plan municipal de igualdade, así como as orientadas á súa difusión e avaliación.*
- 7. Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.*
- 8. Accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias, co fin de dotalos de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades.*
- 9. Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade.*
- 10. Contratación de persoal empregado público especialista en materia de igualdade (axentes de igualdade, persoas promotoras da igualdade de xénero, técnicas e técnicos de igualdade) que realice as tarefas relacionadas coa promoción da igualdade de mulleres e homes no ano 2024 a través de proxectos específicos. Financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal técnico municipal que desenvolva o proxecto.*

As accións deberán realizarse durante o ano 2024 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Con carácter xeral, o gasto considerarase realizado cando o órgano competente da entidade local contabilice o recoñecemento da obriga. As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados.



A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil (6.000,00) euros.

Quinta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que non teñan como obxectivo principal fomentar e conseguir a igualdade de xénero e loitar contra a violencia machista ou que contraveñan o interese público que persegue a Deputación*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)*
- *Gastos referidos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxectivo do programa*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros)*

Sexta. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, sempre que o conxunto das axudas recibidas non supere o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións subvencionadas nesta convocatoria non poderán obter outra subvención nin serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2024.

Sétima. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA*
- *Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social*
- *Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Deputación de Pontevedra*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- *Certificado do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproba a solicitude de subvención e o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para realizar a actividade.*
- *Certificado da Secretaría do Concello no que se indique a existencia ou inexistencia dun plan municipal de igualdade aprobado e en vigor ou da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, constituída e operativa, segundo o modelo normalizado (anexo II).*
- *Proxecto explicativo e orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante do Concello.*
- *De ser o caso, debe achegarse certificación ou documento probatorio da entidade ou institución coa que se traballe en rede para xustificar esta colaboración.*

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non o facer, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Instrución do procedemento e Comisión de Valoración

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa do Servizo poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se explicarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Tamén se incluírá o informe sobre o algoritmo de cálculo empregado.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.



A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade, que actuará sen voto*

Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrència competitiva. Cada proxecto poderá valorarse cun máximo de 100 puntos de acordo cos seguintes criterios e coas valoracións correspondentes:

1. *Calidade e contido técnico da proposta, ata un máximo de 45 puntos*
 - a) *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 20 puntos*
 - b) *Metodoloxía que se vai empregar na realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos*
 - c) *Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos*
 - d) *Utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos*
2. *Incidencia social do proxecto, do programa ou da actividade, ata un máximo de 35 puntos*
 - a) *Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 7 puntos*
 - *Menos de 50 persoas: 1 punto*
 - *Entre 50 e 150 persoas: 3 puntos*
 - *Entre 151 e 250 persoas: 5 puntos*
 - *Máis de 250 persoas: 7 puntos*
 - b) *Poboación total do municipio, segundo as cifras oficiais recollidas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ata un máximo de 8 puntos*
 - *Ata 5.000 habitantes: 2 puntos*
 - *De 5.001 a 10.000: 4 puntos*
 - *De 10.001 a 15.000: 6 puntos*
 - *De 15.001 a 20.000: 8 puntos*
 - c) *Grao de clasificación dos concellos segundo o seu grao e subgrao de urbanización (GU 2016), ata un máximo de 5 puntos*
 - *Zonas pouco poboadas (ZPP): 2 puntos e ademais:
ZPP baixa: 3 puntos
ZPP intermedia: 2 puntos
ZPP alta: 1 punto*
 - *Zonas intermedias poboadas (ZIP): 1 punto e ademais:
ZIP baixa: 0,5 puntos*



ZIP intermedia: 0,25 puntos

- d) *Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ou institución, ata un máximo de 10 puntos*
 - e) *Temporalización das actividades que se van realizar, ata un máximo de 5 puntos*
 - *Menos de 3 meses: 1 punto*
 - *De 3 a 6 meses: 3 puntos*
 - *Máis de 6 meses: 5 puntos*
3. *Recursos, capacidade de xestión e compromiso do Concello coa igualdade, ata un máximo de 25 puntos*
- a) *Esforzo económico do Concello solicitante no autofinanciamento do proxecto con recursos xerais seus, que exclúa calquera subvención, axuda ou achega das persoas usuarias ou participantes, ata un máximo de 10 puntos*
 - *Ata un 10 %: 1 punto*
 - *Se é maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
 - *Se é maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
 - *Se é maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
 - *Se é maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
 - *Se é maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*
 - *Se é maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
 - *Se é maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
 - *Se é maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
 - *Se é maior do 90 %: 10 puntos*
 - b) *Porcentaxe do crédito inicial do orzamento municipal total vixente dedicado á igualdade e á loita contra a violencia machista, ata un máximo de 5 puntos*
 - *Menos do 0,5 %: 1 punto*
 - *Do 0,5 % ao 1 %: 3 puntos*
 - *Máis do 1 %: 5 puntos*
 - c) *Por ter un plan municipal de igualdade aprobado e en vigor, 5 puntos*
 - d) *Por ter unha mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero constituída e operativa, 5 puntos*

Décimo quinta. Resolución

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto nos artigos 4o e seguintes da LPACAP e nestas bases.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.



Décimo sexta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada e sempre que se manteña a finalidade da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre e cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2024, segundo se recolle no artigo 64.2 do RLXS.

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo para xustificalas ata o 28 de febreiro de 2025, este incluído.

1. *De producirse circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, poderán solicitar unha prórroga antes de rematar o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP). O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).*
2. *Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.*
3. *Para cobrar a axuda concedida os concellos deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.*
4. *Os proxectos, os programas ou as actividades que se realicen deben axustarse aos presentados inicialmente. En caso de que non se cumpran os criterios avaliados na solicitude presentada, a Deputación de Pontevedra poderá reducir o importe da subvención na parte proporcional.*



Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo segunda:

- a. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Indicarase en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total, acompañadas do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproban as devanditas facturas ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame, de considerarse oportuno.*
- b. *Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, con detalle das facturas ou dos documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da institución provincial para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
- c. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos.*
- d. *Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesario a declaración responsable da persoa representante, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado nesta base ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

En caso de que a xustificación estivese incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade beneficiaria que corrixa os erros ou defectos observados ou que achegue os documentos solicitados nun prazo de dez (10) días.

A falta de presentación da documentación en prazo suporá a perda da subvención, o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro, a esixencia do reintegro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo oitava. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *De xustificarse o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda*
- *De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención*



O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo Concello na solicitude.

As entidades beneficiarias aboarán os gastos que figuren na conta xustificativa, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Décimo novena. Obrigas das entidades subvencionadas

As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- a. Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que foi concedida; executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
- b. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- d. Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto ou as actividades, que estas se realizaron co financiamento da Deputación e incorporar para iso o logotipo institucional. As normas de imaxe corporativa pódense consultar en comunicacion@depo.gal.*
- e. Comunicarlle á institución provincial calquera modificación das condicións que se tivesen en conta para conceder a subvención, ademais de facilitarlle tanta información se lles requira relacionada coas actividades e cos programas subvencionados.*

Vixésima. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas, ou perderase o dereito a cobralas nos seguintes casos:

- 1. Por obtelas falseando as condicións requiridas*
- 2. Por non aplicarlas aos fins para os que se concederon*
- 3. Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases*

Vixésimo primeira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases; serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2024.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidades administrativas e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.



Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos a calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores.

Vixésimo quinta. Xurisdición aplicable

Contra estas bases poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 desta lei.

Todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente".

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



6. **DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024 (Expediente 2024000499)**

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social que desenvolvan proxectos, programas e actividades para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero durante o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e, teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra.

Con data do 16 de xaneiro de 2024 a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024.

Con data do 25 de xaneiro de 2024, Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/250.2315.480.01, considerase correcta, e conta con crédito retido, mediante RC nº 202400017330, por importe de 200.000€.

Estas bases aprobáronse na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 2 de febreiro e, posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 28 de 8 de febreiro de 2024 e na Base Nacional de Subvencións.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas co seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unhas das principais liñas estratéxicas de actuación que leva a cabo a Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade.

Así, desde 2016, este servizo promove unha liña específica de subvencións a asociacións que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.



Con esta iniciativa a Deputación de Pontevedra aposta por integrar o principio de igualdade no conxunto das súas políticas, o que se traduce na consolidación desta liña de subvencións coa que afianzar a consideración da transversalidade de xénero en toda a actividade, tanto na súa dimensión interna coma na externa, de proxección e relacións co conxunto da sociedade.

No ámbito competencial cómpre destacar que a igualdade é un dereito previsto nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, así como na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia. En ambas as normas sinálase que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Nesta liña, na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determinanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Deste xeito, a institución provincial, no marco das súas competencias e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, considera necesario darlles apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

De acordo co exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de 2024 do procedemento de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2024.

Segunda. Financiamento e réxime económico

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a douscentos mil (200.000,00) euros.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar os sete mil (7.000,00) euros.

Terceira. Réxime xurídico



A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrncia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrncia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan as actuacións reguladas nesta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a súa razón social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.*
- Carecer de fins de lucro.*
- Estar inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), recollido no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, na data final de presentación de solicitudes.*
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.*
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Que a actividade desenvolvida pola entidade cumpra as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na demais lexislación vixente en materia de igualdade e no exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.*

Quinta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- 11. Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero*
- 12. Proxectos de atención integral a vítimas de violencia machista, fillas, fillos e persoas dependentes ao seu cargo*
- 13. Programas e actuacións destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades*
- 14. Proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes*
- 15. Proxectos encamiñados a mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres*
- 16. Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*



17. *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade*

As accións deberán realizarse durante 2024 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Sexta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que recibisen subvención no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial*
- *Actuacións incluídas no catálogo de actividades do programa "+Xuntas" da Deputación de Pontevedra*
- *Proxectos que impidan o desenvolvemento do dereito das mulleres a unha vida libre de violencia, que non favorezan a súa autonomía e o seu dereito a decidir libremente e sen coaccións sobre a súa sexualidade, o seu corpo e a súa maternidade, ou que, en definitiva, non lles permitan construír os seus propios proxectos vitais*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)*
- *Gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxecto do programa*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou de material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros)*

Sétima. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración distinta da Deputación de Pontevedra, ente público ou privado, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non poderán financiarse mediante outras subvencións outorgadas polo réxime de concesión directa ou concederse por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio de 2024.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo do centro xestor 250 (Servizo de Igualdade).

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.



Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar xunto coa solicitude, na que se deberá detallar o orzamento da actividade, a seguinte documentación:

- *Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (só no caso de non utilizar o certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica).*
- *Certificado de inscrición no RUEPSS da Xunta de Galicia.*
- *Relación das persoas integrantes da xunta directiva da entidade a través de certificado emitido pola secretaria ou secretario da entidade ou resolución de inscrición de xunta directiva emitida pola consellería competente da Xunta de Galicia.*
- *Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención asinado pola persoa representante da entidade, o cal deberá recoller como mínimo os seguintes datos: nome do proxecto, descrición, persoas beneficiarias, obxectivos, actividades, metodoloxía empregada, temporalización, equipo profesional dedicado ao proxecto (do que se incluírán o cargo, a titulación e a formación no eido do xénero e da igualdade), avaliación e coordinación ou colaboración con outras entidades ou institucións.*
- *Para valorar o traballo en rede con outras entidades ou institucións debe achegarse certificación ou documento probatorio da entidade ou institución coa que se realice esta colaboración para a xustificación desta.*



- *Para valorar a formación no eido do xénero e da igualdade de oportunidades do equipo profesional da entidade destinado ao proxecto terase unicamente en conta a formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero de aquelas accións formativas de máis de 100 horas. Esta formación deberá ser impartida por colexios profesionais, universidades, organizacións sindicais e/ou administracións públicas e deberá acreditarse no momento da solicitude de financiamento.*

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados con anterioridade. Para estes efectos a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderá valorarse cun máximo de 100 puntos, segundo os seguintes criterios e as valoracións correspondentes:

4. *Calidade e contido técnico do proxecto, ata un máximo de 40 puntos*
 - a) *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos*
 - b) *Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos*
 - c) *Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos*
 - d) *Calidade global da proposta e viabilidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos*
 - e) *Uso dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos*
5. *Incidencia social do proxecto, do programa ou das actividades, ata un máximo de 30 puntos*
 - a) *Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 5 puntos*
 - *Menos de 25 persoas: 1 punto*
 - *Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos*
 - *Máis de 50 persoas: 5 puntos*
 - b) *Repercusión no territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos*
 - *Ámbito local: 3 puntos*
 - *Ámbito comarcal ou supramunicipal: 6 puntos*
 - *Ámbito provincial: 10 puntos*
 - c) *Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos*
 - d) *Temporalización das actividades que se levarán a cabo, ata un máximo de 5 puntos*
 - *Menos de 3 meses: 1 punto*
 - *De 3 a 6 meses: 3 puntos*
 - *Máis de 6 meses: 5 puntos*
6. *Recursos e capacidade de xestión da entidade, ata un máximo de 30 puntos*



- a) *Esforzo económico da entidade solicitante no autofinanciamento do proxecto, ata un máximo de 10 puntos*
- *Ata un 10 %: 1 punto*
 - *Maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
 - *Maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
 - *Maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
 - *Maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
 - *Maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*
 - *Maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
 - *Maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
 - *Maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
 - *Maior do 90 %: 10 puntos*
- b) *Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con formación no eido do xénero e da igualdade de oportunidades: 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos*
- c) *Experiencia e traxectoria da entidade en prol da igualdade de oportunidades e na loita contra a violencia machista, ata un máximo de 10 puntos*
- *Ata 3 anos: 1 punto*
 - *Máis de 3 anos e ata os 6 anos: 3 puntos*
 - *Máis de 6 anos e ata os 9 anos: 5 puntos*
 - *Máis de 9 anos: 10 puntos*

Para calcular a experiencia tomarase como referencia a información contida no RUEPSS da Xunta de Galicia.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación superior a 40 puntos excluíranse da convocatoria.

Décimo quinta. Procedemento de concesión e resolución

A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa de servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Inclúese o informe sobre o algoritmo de cálculo da subvención.



Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propondrá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade ou Intervención, que actuará sen voto*

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 4o da LPACAP.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da subvención, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta previa da comisión avaliadora, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado)*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen, e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2024, segundo se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS.



Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- f. *Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que se concedeu e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
- g. *Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, ademais de presentar a xustificación en forma e prazo.*
- h. *Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da LSG.*
- i. *Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente e a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- j. *Dispoñer dos libros contables, dos rexistros dilixenciados e dos demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- k. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, xa que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- l. *Toda a documentación, a publicidade, a imaxe ou os materiais deberán facer un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.*
- m. *Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada; nese caso, o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.*
- n. *Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse o contido e a contía da finalidade subvencionada, a súa forma e os seus prazos de execución, e a xustificación dos correspondentes gastos.*
- o. *Pagarlles aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.*



- p. *As entidades poderán subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións, pero nunca con persoas ou entidades vinculadas a ela, salvo autorización previa expresa do órgano concedente. En ningún caso este importe poderá superar o 10 % do importe do orzamento, ata un máximo de seiscentos (600) euros.*

Décimo oitava. Publicidade

Nas accións de promoción e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberase incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa, accesible en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da institución provincial estean visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo novena. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 28 de febreiro de 2025, este incluído.

1. *De producirse circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, estas poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP).*

O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do Regulamento da LXS).

2. *Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.*
3. *Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.*

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo terceira:

- e. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios de modo que en cada factura se indiquen o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha.*
- f. *Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, se detallan as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poñen de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*



- g. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas e baremadas na solicitude de subvención para a súa concesión, debidamente asinada, na que se especifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como unha avaliación sobre o impacto de xénero con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas beneficiarias.*
- h. Declaración responsable da persoa representante que acredite a divulgación do financiamento por parte do organismo provincial da actividade subvencionada, acompañada no seu caso de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Vixésima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda*
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados preferiblemente polas entidades beneficiarias antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Vixésimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo novena ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas, ou producirase a perda do dereito a cobralas, nos seguintes casos:

- 4. Por obtelas falseando as condicións requiridas*
- 5. Por non aplicalas aos fins para os que se concederon*
- 6. Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases*

Vixésimo terceira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2024.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste



procedemento poderase esixir responsabilidade administrativa e estas entidades quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na LXS.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo sexta. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos a calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores.

Vixésimo sétima. Xurisdición aplicable

Contra estas bases poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 desta lei.

Todo o anterior sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente".

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración da urxencia, por maioría de votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e a abstención do grupo provincial do Partido Popular, tratouse o seguinte asunto:

ASUNTO:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE Á DEPUTACIÓN QUE RETOME OS PROGRAMAS E ACCIÓNS QUE SE VIÑAN DESENVOLVENDO ATA AGORA NO EIDO DA IGUALDADE (EXPTE. 2024010003)

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 12 de febreiro de 2024, co número de rexistro 2024008465, unha moción asinada pola voceira do grupo, D^a Ana Laura Iglesias González, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE Á DEPUTACIÓN QUE RETOME OS PROGRAMAS E ACCIÓNS QUE SE VIÑAN DESENVOLVENDO ATA AGORA NO EIDO DA IGUALDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ás portas do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, todas e todos debemos sumarnos a esta xornadas de reivindicación e loita. O feminismo é consubstancial á democracia. Solo avanzando en igualdade entre mulleres e homes, e na consecución da plena cidadanía das mulleres, conseguiremos que a nosa sociedade avance de maneira digna e xusta.

Nesta 2023 o lema elixido polas Nacións Unidas é "Invertir nas mulleres: acelerar o progreso". Non se pode progresar sen a metade da poboación, que son as mulleres, nin a costa delas. Tal como expresa Nacións Unidas, "a igualdade de xénero é o maior desafío actual en materia de dereitos humanos". Ademais, "o progreso das mulleres é un factor que beneficia a toda a sociedade". O feminismo é unha aposta igualitaria e emancipadora que apela ao conxunto da sociedade. O noso compromiso ten que ser seguir impulsando os avances que consigan alcanzar unha sociedade mellor, máis equitativa, en definitiva, máis democrática.

Ten sido sempre con gobernos de esquerdas, e sempre da man do movemento feminista, cando se conseguiron converter as reivindicacións en realidades a través da acción política e lexislativa.

Pero desgraciadamente hai quen pretender volver ao pasado e reverter as conquistas da loita feminista. Hai quen incluso negan a violencia de xénero. Pero nos esteamos sempre en fronte. Non imos permitir que se rompan os consensos que tanto nos custou conseguir. Quen negan a violencia de xénero, quen rompen os consensos, están negando a democracia.

Non hai nada máis prioritario na axenda dunha administración que se queira mirar a si mesma con dignidade que rematar coa violencia machista en todas as súas manifestacións.

E todavía queda moito por facer para alcanzar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Alcanzar a paridade na toma de decisións e acabar coa brecha salarial. É imprescindible fomentar os servizos dos cuidados dende o público para facilitar que a maternidade non penalice ás mulleres no mercado laboral,



porque sobre elas recae o peso dos cuidados. Para nos é imprescindible desterrar a idea que tradicionalmente asocia as mulleres cos cuidados.

Somos tamén moi conscientes das maiores dificultades que enfrontan as mulleres rurais, as mulleres con discapacidade ou as mulleres migrantes. Por todas e cada unha delas o anterior goberno da Deputación de Pontevedra puxo en marcha non so a área de Igualdade, senón que fixemos unha gran aposta política onde as políticas de Igualdade foron transversais e impregnaron o conxunto das nosas actuacións.

Programas, actividades, foros, exposicións, proxectos, premios, accións culturais encamiñadas a dar visibilidade e recoñecemento tanto as mulleres como a violencia machista foron a acción diaria do anterior goberno. Pero desgraciadamente temos que falar en pasado.

Dende que este novo goberno chegou a esta deputación xa deixaron claro que a Igualdade, e polo tanto as mulleres, ían pasar a un segundo plano. Primeiro metendo nun mesmo paquete o servizo de Benestar Social, Familia e Reto Demográfico co de Igualdade, despois recortando o orzamento da área de Igualdade en 500.000€ para finalmente deixala sen contido e volver aos anos de invisibilización das mulleres e da violencia machista.

Diante de todo isto, solicitamos o apoio do Pleno para instar á Deputación de Pontevedra o cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Aumentar o orzamento da Área de Igualdade cantomenos ata o importe co que contaba no ano 2023 que era de 2.125.277€*
- 2. Poñer en marcha todos os proxectos e programas desenvoltoos ata agora para que a Deputación de Pontevedra volva a ser un referente da Igualdade como o foi co anterior goberno.*
- 3. Desvincular a Área de Igualdade da de Benestar Social, Familia e Reto Demográfico.*
- 4. Volver nomear os premios á inclusión da perspectiva dexénero nos traballos de fin de grao e fin de máster co nome de Sofia Novoa Ortiz por respecto á memoria desta gran muller.*
- 5. Volver nomear os premios literarios Manifesto Souto maior por respecto ao traballo das mulleres que elaboraron dito manifesto.*
- 6. Nomear os premios "As mulleres que opinan son perigosas" co seu título completo por respecto as mulleres xornalistas e escritoras que o escribiron".*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Abstención: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina favorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para que esta Deputación Provincial retome os programas e accións que se viñan desenvolvendo ata agora no eido da



igualdade, cos votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG e, a abstención do grupo provincial do Partido Popular.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás dez horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

